

ANEXO I.

CRITERIOS DE SELECCIÓN DE ALUMNADO PARTICIPANTE NOS PROGRAMAS EUROPEOS.

CURSO 2025-2026

Criterios Xerais:

- O alumnado elixible é alumnado actualmente matriculado en 2º curso con tódolos módulos de 1º aprobados.
- Terá preferencia o alumnado que teña aprobados tódolos módulos na 1ª avaliación.

Criterios Específicos de Selección:

1. Expediente académico (máximo 4 puntos):
 - Nota media inferior a 6: 1 punto.
 - Nota media comprendida entre 6 e 7: 2 puntos.
 - Nota media maior que 7 e inferior a 9: 3 puntos.
 - Nota media igual ou superior a 9: 4 puntos.
2. Competencia lingüística do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos). Valoraranse os certificados admitidos por ACLES (Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior) vixente:
 - Certificación de nivel B1: 1 punto.
 - Certificación de nivel B2: 2 puntos.
 - Certificación de nivel C1: 3 puntos.
 - Certificación de nivel C2: 4 puntos.
3. Informe de competencias persoais e actitudinais do equipo docente (máximo 4 puntos). No informe serán valoradas competencias relacionadas con:
 - Grao de madurez.
 - Autonomía.
 - Responsabilidade e respecto.
 - Proactividade e participación activa.
 - Capacidade de traballo en equipo.
 - Corrección na comunicación verbal e non verbal.

4. Persoas participantes con menos oportunidades: recibirá 2 puntos aquel alumnado solicitante que se atope nalgunha das seguintes situacións:
- Discapacidade: certificado de discapacidade emitido pola autoridade correspondente.
 - Dificultades educativas e formativas: informe preceptivo no Departamento de Orientación do centro educativo.
 - Obstáculos socioeconómicos:
 - certificado de beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral no curso inmediatamente anterior ao da mobilidade,
 - certificado de Ingreso Mínimo Vital, Renda Mínima, etc da unidade familiar,
 - informe dos servizos sociais que acredite a situación de exclusión social,
 - certificado de familia numerosa,
 - certificado de vítimas de terrorismo,
 - acreditación de situacións de violencia de xénero,
 - certificado de orfandade,
 - certificado de situación de dependencia (participantes con dependentes a cargo),
 - certificación de ser persoa tutelada pola Administración,
 - acreditación de situación daquelas persoas que non poden acceder ás prestacións citadas neste apartado por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido,
 - estudantes con contratos de traballo a tempo completo.
 - Problemas de saúde: certificación de saúde física ou mental que xere a necesidade de apoio adicional.
 - Diferenzas culturais: resolución de ter a condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria, ou xustificante de ter presentado solicitude de protección internacional en España; informe dos servizos sociais que acredite a pertenza a outra etnia.
 - Discriminación: certificado da administración competente e informe do Departamento de Orientación do centro educativo.
5. Persoas participantes que aporten empresa de acollida para a realización das prácticas: recibirá 1 punto aquel alumnado solicitante que aporte documentalmente a confirmación, e os datos de contacto, por parte da empresa para realizar as prácticas correspondentes nas súas instalacións.

Criterios de desempate:

1. No caso de empate darase prioridade ás persoas solicitantes con menos oportunidades.
2. Se persistise o empate, darase prioridade ás persoas solicitantes que non participaron con anterioridade no programa Erasmus+.
3. Se persistise o empate, darase prioridade ás persoas solicitantes que conleve un reparto proporcional entre familias profesionais das persoas solicitantes.

DEPARTAMENTO DE CALIDADE E INNOVACIÓN
Coordinación de Programas Internacionais**Erasmus+**
Enriqueciendo vidas, abriendo mentes.CIFP Politécnico de Santiago
Avda. de Rosalía de Castro, 133, 15706 Santiago de Compostela
Teléfono: 881 867 601. Email: cifp.politecnico.santiago@edu.xunta.gal
<https://politecnicodesantiago.es>